

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2018

Estimadas/os docentes:

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, a través dos Centros Quérote+, pon un ano máis a disposición dos centros de ensino de secundaria unha oferta formativa para o presente curso académico 2018/2019.

Seguimos traballando baixo a idea de que os centros de ensino son un dos espazos de socialización por excelencia para mozos e mozas onde adquirir coñecementos e ferramentas para desenvolverse e medrar dun xeito o máis satisfactoria posible. Non cabe dúbida de que son un lugar onde se relacionan entre iguais, onde poden xurdir conflitos e dificultades.

O persoal técnico dos centros Quérote+, xunto co profesorado, poden traballar con eles e con elas nestes eidos, acompañándoos neste proceso de coñecerse, aceptarse e expresarse nos seus encontros de xeito positivo.

Neste curso, a oferta formativa inclúe a realización dun obradoiro a elixir entre os ofertados. O obradoiro, de 100 minutos, desenvolverase en todas as liñas de 3º da ESO (ver documento anexo). O centro de ensino pode facer a elección segundo as necesidades detectadas no seu alumnado, indicando a prioridade no interese dos obradoiros solicitados (xa que como consta na solicitude, atenderase a petición realizada de maior interese, e as outras en función da dispoñibilidade do equipo de traballo de Quérote+).

No caso de que o voso centro desexe obter máis información sobre esta oferta formativa, pode contactar co servizo Quérote+ telefonicamente ou por correo electrónico:

Centro Quérote+ A Coruña	Avda. Linares Rivas, 28 8º C.P. 15005	Telf: 981 223 913
Centro Quérote+ Lugo	Complexo Xuvenil LUG II - Rúa Pintor Corredoira, 4 C.P. 27002	Telf: 982 241 732
Centro Quérote+ Santiago	Rúa Ramón Piñeiro, 19 C.P. 15702	Telf: 881 997 613
Centro Quérote+ Ourense	Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27-4º C.P. 32004	Telf: 988 231 470
Centro Quérote+ Vigo	Rúa Ferrería, 41 C.P. 36202	Telf: 986 095 977



Correo electrónico de contacto: **querotemais@xunta.gal**

Por outra banda, recordarnos que dentro do Plan Proxecta inclúese unha oferta formativa para os centros educativos:

“Programa Quérote+”: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/6255>

O equipo técnico de Quérote+ traballará co profesorado a posta en marcha dun programa con material específico en sexualidade e convivencia entre sexos. Consta de 8 fichas repartidas en 4 bloques temáticos, a realizar en titorías polo profesorado coa titorización a distancia do equipo técnico de Quérote+.

Bloque 1:

Presentación do programa e do servizo Quérote+

Que é isto do sexo? Sexualidade? Erótica?

Orientación e identidade sexual

Bloque 3:

Erótica e métodos anticonceptivos

Prevenção ITS e embarazos non planificados

Bloque 2:

Falando do amor: e ti que opinas?

Cultivando habilidades para as relacións persoais

Bloque 4 :

Hoxe damos a clase nós

Esperando que a oferta deste curso sexa de interese, reciba un cordial saúdo.



Cecilia Vázquez Suárez
Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado



OFERTA OBRADOIROS CURSO ACADÉMICO 2018/2019

O centro de ensino poderá solicitar un dos obradoiros para o alumnado de 3º da ESO. O obradoiro terá unha duración de 100 minutos e farase con cada un dos grupos de 3º **na mesma xornada**. É dicir, se nun centro de ensino hai 2 grupos, precisaranse 100 minutos para un grupo e 100 minutos para o outro.

Obradoiro: Convivencia e relacións sociais

Nos centros de ensino establécense vínculos co grupo de iguais, compártense experiencias e momentos significativos no proceso de construción persoal. Como espazo de convivencia que son, tamén xorden conflitos e, ás veces, estes poden levar a que os rapaces/rapazas se sintan feridos e agredidos por condutas e problemas cos seus compañeiros e compañeiras.

Dependerá de como se aborden os conflitos ou que estes poidan resultar negativos ou ben converterse nunha oportunidade para aprender máis dun mesmo e dos demais.

Obxectivos:

- Fomentar o uso do diálogo como alternativa a outras respostas menos construtivas ante os enfrontamentos como a agresión, a violencia ou a submisión.
- Fomentar a potenciación de contextos cooperativos nas relacións persoais.
- Potenciar o desenvolvemento de actitudes de asertividade e empatía nos procesos de interacción persoal.
- Fomentar as relacións de apoio entre os iguais.
- Distinguir entre as distintas técnicas de mediación nun conflito.

Obradoiro: Uso seguro dos contornos virtuais

Cando a mocidade non está xunta de forma física, está a través das tecnoloxías polas



que se relacionan no día a día (teléfono, redes sociais, correo electrónico...). Temos que recoñecer que as redes sociais son hoxe en día un dos espazos de socialización polos que se move cada vez máis a mocidade. A ese espazo virtual trasládanse moitos dos feitos, eventos, emocións e mesmo os conflitos, e polo tanto é precisa tamén unha abordaxe no manexo destas ferramentas para que poidan gozalas e non facer que lle xeren situacións non desexadas.

Obxectivos:

- Coñecer os distintos elementos que forman parte nos procesos comunicativos e relacionais e como inflúen nos diferentes contextos comunicativos, sexan físicos ou virtuais.
- Achegar ferramentas para unha xestión axeitada do uso das redes sociais.
- Facilitar a reflexión sobre os usos que poden ter estas redes.
- Sensibilizar na xestión axeitada das redes sociais.
- Reflexionar sobre a implicación das novas tecnoloxías na nosa vida cotiá.

Obradoiro: Educación afectivo-sexual

A mocidade galega, de forma xeral, segue a ter unha visión da sexualidade estigmatizada, estereotipada e mitificada, estando presentes tanto de forma explícita coma implícita, unha serie de elementos que deforman e repercuten na visión e na vivencia da sexualidade tanto a nivel individual coma social. Neste sentido, con este obradoiro, búscase que a mocidade poida ter unha información fiable e que coñeza un recurso profesionalizado ao que poder recorrer se lle xorden dúbidas en relación a este tema.

Obxectivos:

- Reforzar as habilidades para aprender a distinguir o que gusta e o que non en relación coas demais persoas.
- Promover a vivencia da sexualidade do xeito máis pracenteiro, responsable e satisfactorio posible.
- Reflexionar sobre as relacións afectivas.



- Promover o diálogo, a asertividade e a empatía nas relacións de parella.
- Traballar os límites e a responsabilidade persoal.

Obradoiro: Imaxe corporal e autoestima

A imaxe corporal é un dos eixos fundamentais susceptible de ser cultivado para favorecer unha autoestima positiva, fomentar valores óptimos e levar a cabo toma de decisións apropiadas en función das diversas situacións ás que na vida hai que facer fronte.

O obxectivo deste obradoiro é procurar que a mocidade vivencie o seu corpo e a súa imaxe de forma satisfactoria e positiva, respectando o amplo abano de peculiaridades e capacidades que conforman a diversidade humana.

Obxectivos:

- Contribuír ao coñecemento, aceptación do corpo e da imaxe de forma satisfactoria e positiva, respectando o amplo abano de peculiaridades e capacidades que conforman a diversidade humana.
- Favorecer a autonomía reflexiva e construtiva de rapaces e rapazas na construción da súa identidade.
- Tomar conciencia da propia imaxe e favorecer a propia aceptación.
- Promover o fomento da autoestima máis aló do físico e a imaxe.
- Desenvolver o sentido crítico ante os valores estéticos imperantes.
- Tomar conciencia dos hábitos saudables empregados ante diferentes situacións

Obradoiro: Prevención do consumo de alcol

Parécenos oportuno formular esta temática específica xa que a poboación á que vai dirixido o ciclo formativo é altamente susceptible de ser partícipe do fenómeno do “botellón”.

A presión de grupo, as modas, os estereotipos e mesmo a sociedade en si poden ser factores predispostos a que cada fin de semana unha alta porcentaxe da mocidade



invista o seu tempo de ocio en actividades que se levan a cabo no dito espazo.

Ben é certo que non polo feito de acudir ao lugar de encontro, todos/as mozos/as consumen periodicamente alcol. En ocasións, o feito de reunirse e estar en contacto cos/coas compañeiros/as e amigos/as é de por si unha actividade prazenteira para eles/as.

O obxectivo deste obradoiro sería polo tanto reflexionar como abordar os aspectos e factores que inflúen a día de hoxe na xestión de ocio, tempo libre e toma de decisións dos rapaces e rapazas.

Obxectivos:

- Compartir unha información fiable sobre o alcol e os riscos asociados ao seu consumo, a fin de favorecer unha toma de decisións libre.
- Estimular a autoestima co obxecto de reducir a influencia da presión de grupo.
- Promover unha vivencia positiva e saudable do tempo libre.
- Educar en habilidades que favorezan a toma de decisións responsables para un mesmo e para a comunidade.
- Reflexionar sobre o fenómeno social do “Botellón”.